

CELEBRACIÓN DO MAGOSTO/SAMAÍN



Estimadas familias,

este curso, debido ás circunstancias actuais de pandemia, tivemos que modificar algunhas das actividades que viñamos realizando nos últimos cursos para celebrar o MAGOSTO E SAMAÍN. Pero aínda así, cremos importante que dende o centro, debemos seguir celebrando as datas especiais dentro das posibilidades que nos ofrece a situación actual, adaptándonos ás circunstancias da mellor forma posible e sempre pensando nas nenas e nenos, que son os que na actualidade nos están a amosar a verdadeira capacidade que teñen para adaptarse aos cambios. Por e para eles intentaremos que este curso estea cheo de sorrisos e momentos inesquecibles.

- Exposición de cabazas: Este curso non podemos facer ningunha exposición nos espazos do centro, polo que este ano imos a realizar a seguinte actividade, e para iso precisamos a vosa colaboración. O alumnado decorará na casa unha cabaza, una vasoira, ou outra manualidade relacionada co samaín, co magosto ou co outono. Enviaredes aos e-mails das titoras a foto da nena/o coa manualidade que realizou. Con todas as fotos faremos unha montaxe que verán nas aulas o día 30 de outubro e posteriormente colgarase na páxina web do centro.

Tedes como máximo o día 26 de outubro para mandar a foto á titora.

- Xogos do magosto: Este ano, cambiando a dinámica dos cursos pasados onde faciamos xogos a nivel de centro con mestura de grupos, realizaremos os xogos do magosto por aulas, nas sesións de Educación Física ao longo da semana do 26 ao 30 de outubro. Para poder realizar estes xogos, necesitamos que os nenos traian 3 castañas decoradas, ou co seu nome. Deben traer as castañas o luns 26 de outubro.

Este curso, decidimos non facer a degustación de castañas, debido á alta manipulación que debiamos facer con estes froitos.

Ademais destas actividades nas que precisamos a vosa colaboración, temos programadas mais actividades a nivel de titoría para celebrar estas datas. Xa vos iremos ensinando a través da páxina web do cole da celebración destes días.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

C.E.I.P. de Teixeira

